

## Á MESA DA COMISIÓN 2ª

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 38276, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento e a Renfe de manter a carga de traballo do taller de mantemento de material de Renfe de Monforte de Lemos, así como de contratar o persoal necesario para compensar as baixas por xubilación, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 24 de xaneiro de 2019. (10/PNC-003068).

### Emenda de Adición

Débase engadir na parte resolutiva:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a convocar prazas para as especialidades de enxeñería que esixan formación específica en materia ferroviaria.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 23/01/2019 16:24:20**

**Luis Villares Naveira na data 23/01/2019 16:24:30**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 40469 (10/PNC-003269)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación cos prexuízos ocasionados ás persoas usuarias da AP-9 polas retencións rexistradas na autoestrada como consecuencia das obras de ampliación da ponte de Rande.

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento e a AUDASA para establecer un procedemento áxil e sinxelo para tramitar as reclamacións á AUDASA das persoas usuarias da autoestrada AP-9 que se viron afectadas polas retencións causadas polas obras de ampliación da ponte de Rande .

Así mesmo, insta ao Goberno galego a que demande do Goberno de España o establecemento dun protocolo de resposta ante situacións excepcionais, cando se produzan retencións que causen prexuízos de perda de tempo e diñeiro ás persoas usuarias das autoestradas.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/01/2019 17:12:50**

**Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2019 17:16:26**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

